



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS FEDERACIÓNS QUE SE RELACIONAN , PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2025

1- A Consellería de *Presidencia, Xustiza e Deportes* é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Deportes.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, de conformidade co previsto no réxime competencial da Secretaría Xeral para o Deporte establecido no artigo 15 do Decreto Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG nº 101, do 27 de maio), o apoio e a promoción das asociacións e federacións deportivas, sempre que o seu ámbito de actuación non exceda o propio da Comunidade Autónoma

### 2- Antecedentes:

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.



A Lei 3/2012 recolle entre os seus principios reitores a eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado a fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva. Entre os principios xerais recóllese, entre outros, a promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.

Neste marco competencial e normativo, a Xunta de Galicia ven efectuando anualmente convenios de colaboración coas Federacións deportivas de Galicia, para a promoción das distintas modalidades deportivas a través dos diversos programas que desenvolven, tanto no ámbito do deporte de base como no de competición. A este respecto se acompaña cadro da evolución do gasto correspondente a esta actuación de fomento nos últimos 5 anos:

FEDERACIÓN	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
A. Subacuáticas	18.556	19.056	19.912	21.116	21.542
Aeronáutica	13.480	13.480	13.477	14.089	14.855
Atletismo	230.387	219.399	248.118	268.495	287.908
Automobilismo	189.878	165.378	167.884	180.933	51.882
Bádminton	103.032	103.532	100.850	105.871	108.300
Baile				15.088	28.235
Baloncesto	252.102	252.102	271.630	288.289	297.204
Balonmán	189.614	189.614	206.274	216.421	224.708
Béisbol e Sófbol	2.403	2.403	8.563	12.140	14.160
Billar	20.094	19.944	21.323	22.977	23.115
Bolos	23.457	23.957	23.050	24.768	24.973
Boxeo	31.465	30.465	29.988	29.423	34.932
Caza	30.329	30.329	30.938	36.733	34.431
Ciclismo	185.941	185.941	188.175	202.309	136.497
Colombicultura	3.332	3.332	3.428	3.746	3.825
Colombofilia	7.273	7.273	7.398	8.060	8.226
Dep. Inverno	8.438	8.438	7.398	9.371	9.565
Deport Adaptado	79.495	79.495	80.243	87.098	88.936
Deportes Autóctonos	5.894	15.894	18.376	20.626	21.189
Esgrima	33.876	33.876	34.550	37.669	38.448
Espeleoloxía	13.983	26.233	26.265	15.554	18.377
Esquí Náutico	8.799	9.299	8.947	9.747	9.948
Fútbol	255.133	255.133	262.049	286.208	291.552





Golf	45.367	45.367	49.217	53.791	55.309
Halterofilia	54.196	54.196	57.574	64.418	68.117
Hípica	70.448	70.448	71.951	78.389	80.391
Hóckey	15.494	21.494	56.354	65.016	66.692
Judo e D.A.	141.904	141.904	144.146	154.305	158.284
Karate e D.A.	68.121	68.621	71.140	73.808	79.412
Kickboxing	19.899	19.899	20.416	22.292	22.761
Kung-Fu	32.039	32.039	32.894	35.338	36.075
Loita e D.A.	112.858	112.858	113.002	114.877	116.833
Montañismo	30.480	30.480	28.374	32.237	33.903
Motociclismo	60.380	60.380	63.750	68.043	67.953
Motonáutica	29.484	29.484	36.535	37.860	36.003
Natación	158.415	156.415	171.208	182.278	184.299
Orientación	26.338	26.588	25.943	25.952	27.817
Pádel	39.426	39.426	40.162	41.605	42.465
Patinaxe	55.642	55.642	56.860	62.023	63.314
Pelota	10.774	10.774	10.998	11.993	12.242
Pesca e Casting	15.021	15.021	15.303	16.680	17.025
Petanca	12.656	12.656	12.317	13.333	13.999
Remo	109.283	108.283	116.045	122.813	124.754
Rugby	46.757	46.007	45.602	49.887	53.326
Salvamento e S.	20.111	20.611	21.469	22.305	24.264
Squash	37.591	34.891	69.028	72.647	72.426
Surf	33.947	33.947	66.716	70.433	71.361
Taekwondo	121.110	121.110	122.924	129.675	131.363
Tenis	106.254	106.254	109.412	119.644	121.577
Tenis de mesa	40.644	40.644	38.975	42.208	45.017
Tiro con Arco	45.014	45.014	47.028	53.455	54.502
Tiro Olímpico	41.710	41.710	43.336	46.968	46.901
Triatlón e P.M.	170.615	170.165	172.463	181.699	184.942
Vela	251.069	252.569	292.285	304.520	305.329
Voleibol	85.277	86.277	83.386	90.475	91.424
Xadrez	57.177	55.177	53.808	59.073	61.701
Ximnasia	74.669	74.669	83.506	91.751	94.233
TOTAL	3947131	3935593	4222963	4528522	4458822





**3- Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coas federacións deportivas que se relacionan a continuación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2025 ata o 15/12/2024.

FEDERACIÓN	NIF	TOTAL convenio
Actividades Subacuáticas	G15108319	21.567
Aeronáutica	G36648368	14.887
Atletismo	G15103500	288.028
Automobilismo	Q8255003I	51.865
Bádminton	G36645133	108.353
Baile	G10883999	28.320
Baloncesto	V15115306	297.341
Balónmán	G36690832	224.768
Béisbol e Sófbol	V15255003	14.194
Billar	G36680122	23.066
Bolos	V36650133	24.992
Boxeo	G15108996	34.877
Caza	V15117849	34.458
Ciclismo	G36644870	136.531
Colombicultura	G32133951	3.833
Colombofilia	G36645067	8.149
Dep. Inverno	G32023665	9.594
Dep. Adaptado	G27816271	88.984
Deportes Autóctonos	G15583750	21.292
Esgrima	G15109077	38.402
Espeleoloxía	G15062193	18.366
Esquí Náutico	G32185738	9.978
Fútbol	G15055890	291.629
Golf	V15133994	55.299
Halterofilia	G15121700	68.057
Hípica	V36657955	80.387
Hóckey	G32172058	66.677





Judo e D.A.	G15109267	158.330
Karate e D.A.	G36640019	79.410
Kickboxing	G27464221	22.807
Kung-Fu	G36756914	36.092
Loita e D.A.	G36651081	116.838
Montañismo	G36630259	33.835
Motociclismo	G36651065	67.967
Motonáutica	G36663664	35.945
Natación	G15137201	184.336
Orientación	G70381603	27.833
Pádel	G70183744	42.484
Patinaxe	G15070451	63.313
Pelota	G15067002	12.247
Pesca e Casting	G15141328	17.052
Petanca	G36644466	13.916
Remo	G15117385	124.821
Rugby	G15111156	53.351
Salvamento e S.	G27033737	24.194
Squash	G36644680	72.384
Surf	G15565484	71.332
Taekwondo	G15237233	131.359
Tenis	G15102767	121.638
Tenis de mesa	V15149453	44.945
Tiro con Arco	G27034131	54.468
Tiro Olímpico	G32014821	46.898
Triatlón e P.M.	V36703932	184.979
Vela	G36644862	305.438
Voleibol	V15067978	91.436
Xadrez	G36644789	61.649
Ximnasia	G32023210	94.238
TOTAIS		4.459.429





4- O convenio ten por obxecto establecer para o ano 2025 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a respectiva federación deportiva.

Con este convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2025, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programas, do presente convenio.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

2. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.

4. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir o convenio de colaboración coa <Nome completo oficial da federación Xunta Sans 10> para a realización do programa de promoción



e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, concretado nas actuacións recollidas neste documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade.

5. O interese público deste convenio radica, con carácter xeral, na necesidade de promover o deporte dando cumprimento ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dada a importancia que ten o deporte na sociedade actual como actividade cidadá voluntaria, como ferramenta educativa, como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico, e como elemento que contribúe ao establecemento de relacións plenas do individuo co grupo e dos grupos entre si.

Coa finalidade de contribuír ao acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada, faise necesaria a formalización de 59 convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cada unha das 59 federacións deportivas galegas recoñecidas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia da Secretaría Xeral para o Deporte, na súa condición de axentes colaboradores da nosa comunidade autónoma para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2025, concretadas no desenvolvemento de programas de fomento e realización de actividades, no ámbito dos seus respectivos deportes e en toda a comunidade autónoma. En consecuencia articúlase un convenio de colaboración con cada unha das Federacións Deportivas Galegas existentes na actualidade e recoñecidas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, non existindo polo tanto ningunha Federación Deportiva coa que non se articule unha vía de financiamento para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva durante o ano 2025

**6-** A aplicación orzamentaria: 05.02.441A.481.0

Código do proxecto: 2014 00066

importe: 4.459.429

**7-** Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.



Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral para o Deporte  
José Ramón Lete Lasa

